

Festival ata festivais de títeres e escenarios dende a India, China ou os Estados Unidos, e agora na MIT de Ribadavia, festival que comparte unha das liñas mestras deste creador: hibridar linguaxes e non reclusión nun ámbito exclusivo ou restrinxido a esa disciplina artística. Pezas permeables e imposibles de categorizar, dende o impactante momento e lugar diverso de encontro co público ata as fontes creativas, que van da fotografía, á escultura, a performance ou a pintura. Considerado como un referente da arte macabra, as súas insólitas creacións e a súa metodoloxía foron recollidas no documental Samsara (2011), de Ron Fricke. *Transfiguración* é a historia do desexo incondicional do escultor de levar a súa creación á vida. Nun xesto de desesperación, entra no seu barro para darlle vida. Escolpe barro na cabeza, enterrándose no material, erradicando a súa identidade e convertíndose nunha obra de arte viva, nalgún lugar entre os títeres e o titiriteiro. Porén, cando o material o persegue, vese obrigado a mirar cara adentro, ata as profundidades do seu ser, nun exercicio fascinante, expresivo e total.

Ao lado de estreas, a MIT presenta espectáculos premiados e recoñecidos como A.K.A., que chega de Barcelona con 2 Premios Max, 4 Premios Butaca ou 3 Premios Teatro Barcelona. Peza íntima que se presenta na Igrexa da Madalena, pero na rúa tamén haberá espectáculos moi destacables como Mulier, dos valencianos Maduixa (4 Premios das Artes Escénicas valencianas, 2 Premios Max ou o Deventer Award pola contribución ás artes de rúa, entre outros).

A venda de entradas da MIT estará dispoñible a partir do día 1 de xullo na oficina do Festival (Praza Maior, s/n) ou na web www.ataquilla.com Ata o 1 de xullo, poderán reservarse os Abonos para todos os espectáculos do Castelo, na Casa da Cultura de Ribadavia ou ben no teléfono 988471900 ou no correo info@mitribadavia.com

Atentamente,

MIT RIBADAVIA

Tel. 607332032

www.mitribadavia.gal

PROGRAMA 35ª EDICIÓN MIT RIBADAVIA

Día 18 // OFF con Teatro do Vilar, “Aspirina para dous”. Apoio da MIT ao teatro de base, teatro afeccionado de Ribadavia. 23.00h – Auditorio do Castelo.

20:00 – Igrexa da Madalena – *Residencia Paraíso* – Irene Cantero – Madrid.

Día 19 // VENRES

16:00- 18:00 - Auditorio Manuel María da Casa da Cultura – Curso “Teatro documento” con Alicia Laguna- Teatro Línea de Sombra (México)

20:00 Igrexa da Madalena – Inauguración oficial da MIT 2019.

21:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *Oyun* – El Fedito – Comunidade Valenciana.

23:00h – Auditorio do Castelo – *Un poyo rojo*– Un poyo rojo – Arxentina.

Foros MIT: coloquio posfunción

Día 20 // SÁBADO

10:00- 14:00 - Auditorio Manuel María da Casa da Cultura – Curso “Teatro documento” con Alicia Laguna- Teatro Línea de Sombra (México)

20:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *Brimborions* – Picto Facto – Francia.

23:00 – Auditorio do Castelo – *inTarsi* – Compañía de Circo “eia” – Cataluña.

1:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *Brimborions* – Pico Facto – Francia.

Día 21 // DOMINGO

10:00- 14:00 - Auditorio Manuel María da Casa da Cultura - Curso “Teatro documento” con Alicia Laguna- Teatro Línea de Sombra – México.

20:30 – Igrexa da Madalena – *Nun cuarto da rotonda. A última cinta de Krapp + O montacargas* – *Acusmaser Opus* – Galicia.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Amarillo*– Teatro Línea de sombra – México.

Foros MIT: coloquio posfunción

Día 22 // LUNS

10:00- 14:00 - Auditorio Manuel María da Casa da Cultura – Curso “Teatro documento” con Marían Bañobre e Santiago Cortegoso - Ibuprofeno Teatro.

20:00 – Santo André (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *Dona Barriga Verde* – Larraitz Producións Artísticas – Galicia.

21:00 – Igrexa da Madalena – *Debate. Nun cuarto da rotonda: a escenificación de Beckett e Pinter* – *Acusmaser* – Galicia.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Los bancos regalan sandwicheras y chorizos* – José y sus hermanas – Cataluña.

Foros MIT: coloquio posfunción

Día 23 // MARTES

10:00- 14:00 - Auditorio Manuel María da Casa da Cultura – Curso “Teatro documento” con Marían Bañobre e Santiago Cortegoso - Ibuprofeno Teatro.

12:00 – Resolución do 13º Premio Abrente – Salón de actos do Concello de Ribadavia (Praza Maior). Lectura da Acta e Presentación do libro “O día no que bicar a terra”, de Avelina Pérez, Premio Abrente 2018.

20:00 – San Cristovo (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *Dona Barriga Verde* – Larraitz Producións Artísticas – Galicia.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Orquestra de malabares* – Pistacatro e Banda La Lira de Ribadavia – Galicia.

1:00 – Acto de entrega dos Premios Abrente e de Honra da MIT 2019.

Día 24 // MÉRCORES

10:00- 14:00 - Auditorio Manuel María da Casa da Cultura – Curso “Teatro documento” con Marían Bañobre e Santiago Cortegoso - Ibuprofeno Teatro.

20:00 – Igrexa da Madalena – *A.K.A. (Also Known As)* – Flyhard – Cataluña.

21:30 – Praza Maior (Ruadavia) – *Mulier* – Maduixa – Comunidade Valenciana.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Transfiguration* – Olivier de Sagazan – Francia.

Foros MIT: coloquio posfunción

Día 25 // XOVES

20:00 – Alameda (Ruadavia) – *Gaudeamus* – La Chana – Castela e León.

21:30 – Foros MIT: Presentación do número 97 da Revista Galega de Teatro. Coloquio arredor do tema central do número: censura na creación.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Curva España* – Chévere en coprodución coa MIT, Teatros del Canal e Concello de Teo – Galicia.

Foros MIT: coloquio posfunción

Día 26 // VENRES

12:00 – Foros MIT. Mesa de traballo: “O terceiro sector nas Artes Escénicas”.

20:30 – Francelos (Programa SputMIT – satélites da MIT) – *Oh!Limpiadas* – Cia. Sincronacidas – Galicia.

23:00 – *Anatomía dunha serea* – A Berberecheira de Chévere – Galicia.

Foros MIT: coloquio posfunción

Día 27 // SÁBADO

20:00 – Salón de Actos da Casa do Concello – Acto de celebración do 50 aniversario de Abrente e Homenaxe a Ernesto Chao.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Jauría* – Kamikaze – Madrid.

1:00 – Igrexa da Madalena – *Hemos venido a darlo todo* – Voadora – Galicia.